

**EXPEDIENTE:** 2026/E001/000002 (relacionado co expediente 2026/A008/000014)

**ASUNTO:** PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÑONS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026

**TRÁMITE:** RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES

Visto o expediente que se tramita para a selección por oposición de 1 enxeñeiro/a de montes, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 240/2026 de 22/05/2026, ao abeiro da subvención regulada pola Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026).

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as, relativa á oferta núm. 12-2026-5069 (enxeñeiros/as de montes), e presentada por estes/as a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 04/06/2026 procedeuse a revisar as solicitudes de participación.

Comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de enxeñeiro/a de montes, do xeito seguinte:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
***040***	BELLO BUGALLO IRIA	ADMITIDA
***725***	DE LA PEÑA LASTRA SAÚL	ADMITIDO
***835***	PEREZ-PARALLE MERA BEATRIZ	ADMITIDA
***974***	PINAYA ORTIZ MANUEL IVAN	ADMITIDO

**Segundo.-** Designar ao tribunal cualificador para o proceso selectivo de peón/peoa forestal, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a:

Titular: Inmaculada Seage Freire, persoal laboral fixo do Concello de Rois  
Suplente: Begoña Collazo Ortega, funcionaria do Concello de Rois

Vogais:

Titular: Severino abalo Chouza, funcionaria do Concello Boiro  
Suplente: Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria do Concello de Rianxo

Titular: José Ángel Sorribas Bustelo, funcionario do Concello de Rois  
Suplente: Rosario Rios Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois

Titular: María Cristina Varela García, funcionaria do Concello de Coirós  
Suplente: Leopoldo Moure Dopico, funcionario do Concello de Silleda

Secretario/a:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro

Suplente: Ana María Ares Álvarez, funcionaria do Concello de Padrón

**Terceiro.-** Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección de 1 enxeñeiro/a de montes para a súa constitución o día 11/06/2026, ás 08:00 horas, na Casa do Concello de Dodro.

**Cuarto.-** Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para a selección de 1 enxeñeiro/a de montes, ás 08:30 horas do día 11/06/2026, na Casa do Concello de Dodro.

**Quinto.-** Declarar exentos da realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba de coñecemento de lingua galega, aos aspirantes que teñen acreditado estar en posesión do Celga 4.

**Sexto.-** Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

**Sétimo.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

*Documento asinado dixitalmente*  
*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*  
*A secretaria-interventora, que da fe*